

Acta Comisión Delegada

10/03/2026

Lugar: Medios telemáticos-Sala de zoom

Hora: 20:30 h. horas

Asistentes:

Presidente-Javier Campos Peña

Secretaría Xeral- Mónica Flores Ferreiro

Paloma Herbelo Hermelo (Triatlón Santiago)

Gustavo Alvarez Nogueira (AD Fogar)

Pablo Cabanelas Eiras

Patricio Farias Forneiro

*Javier Campos Peña

*Mónica Flores Ferreiro

Orde do día:

- 1.- Modificación de Estatutos
- 2.- Proceso Electoral
- 3.- Rogos e preguntas

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Comeza a sesión ás 20:35 h.

1.- Modificacións Estatutos

O presidente informa da convocatoria da FETRI para unha assemblea extraordinaria de cara á modificación estatutaria para engadir o "Hyathlon e Hyathlon paralímpico", como especialidades non adscritas ao triatlón, unha vez incluídas estas en World Triathlon. Igualmente, expón a necesidade de modificación dos estatutos para incluílas. Na medida en que a modificación, de acordo aos nosos estatutos require unha comisión para elaborar a proposta de cambio e presentala en assemblea extraordinari indica que a última modificación de estatutos se realizou en 2017, polo que deben tamén adaptarse á Lei do Deporte de Galicia e Decreto Electoral vixente. Así mesmo tamén plantea a posibilidade de separar as modalidades deportivas dos dous deportes actuáis da nosa federación.

Acórdase a creación da Comisión de traballo para elaborar o proxecto a aprobar en Asemblea Xeral Extraordinaria o próximo 25 de marzo.

O presidente, Pablo Cabanelas, Mónica Flores comprométense a participar na comisión e igualmente proporase ao Triatlón Ferrol e Triatlón Rias Baixas que manifestaron a súa dispoñibilidade.

O presidente terá unha xuntanza esta semana co Secretario Xeral para o Deporte, de cara a avaliar a viabilidade da separación dos deportes.

2.- Proceso Electoral

O presidente informa da convocatoria de eleccións. A proposta de calendario provisional a aprobar na Asemblea de disolución xa ten o visto bo da Secretaría Xeral para o Deporte, tendo pendiente o visto bo do borrador do Regulamento Electoral.



Mónica Flores, indica que haberá que facer unha assemblea Xeral ordinaria para aprobar as contas o mesmo día, antes da disolución.

3.- Rogos e Preguntas

Infórmase de que se está traballando, con clubs da provincia de A Coruña para pechar dúas probas de Xogade e o Campionato Galego de Dúatlon de Menores en Cedeira, así coma a posibilidade de celebración dun triatlón de menores en Cariño a primeira semana de xuño.

Non habendo rogos e preguntas levántase a sesión ás 21:10 h.

VºBº

Asdo.- A Secretaria Xeral
Mónica Flores Ferreiro

FEGATRIIB
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLON
E PENTATLON MODERNO

Rúa Castelao 21, ent. 2
27001 Lugo || 982 251 345

Asdo.- O presidente
N.I.F.: V00.07072
Javier Campos Peña